

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DE REBOREDA  
XUNTANZA ORDINARIA DO 9 DE DECEMBRO 2015.

ORDE DO DIA

- 1 .- Aprobación, se procede, da Acta anterior.
- 2 .- Nomeamento do representante do Consello Parroquial de Reboreda para a Comisión Territorial do PXOM.
- 3 .- Proxecto Redondela 2020.
- 4 .- Proxecto de compostaxe e reciclado Redondela 2016 – 2020.
- 5 .- Propostas modificacións regulamento Consellos Parroquias.
- 6 .- Rogos e preguntas.

Na Sociedade Labrego Cultural de Reboreda, sendo ás 20:20 horas do día 9 de decembro do 2015, despois da correspondente convocatoria, reuníronse as/os membros seguintes :

Marco Villar Fernández, representante da ANPA  
Cecilia Pérez Orxe, representante do B.N.G.  
Rocio Lorenzo Alonso, representante da Asociación de Veciños.  
Juan José Darriba Rivera, representante da Asociación de Veciños.  
Manuel Darriba Rivera, representante da Asociación de Veciños.  
Rubén Carrera Puentes, representante da Asociación Cultural.  
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, representante do P.P.

Todas/os elas/es baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María José Barciela Barros, asistidas/os por mín, M<sup>a</sup> Lourdes Fernández Arines, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Reboreda convocada para o día de hoxe.

Sendo ás 20:20 horas a Presidenta declar aberta a sesión e comenzouse coa orde do día.

- 1 .- Aprobación, se procede, da Acta anterior.

Juan José Darriba Rivera propón que no borrador da acta do consello anterior cambiesse os nomes coloquialmente empregados pola toponimia oficial, quedando a acta no punto 2 :

- “Instalación do alumeado na Estrada Santo Paio de Abaixo ata o Bodegón Santos” por “na rotonda de Santos e no camiño de Misión”
- “Asfaltado entrada camiño Cotiño” por “Asfaltado entrada a de Moncho”.
- “Asfaltado camiño do Aveal” por “Asfaltado carreter da Quintana ata a Garonda”
- “Colocación de dous puntos de luz no camiño de Veiga da Porta da Quintana” por “no camiño da filla de Carlos”

- “Instalación fonte do Cadabal” por “instalación fonte do Casal”.

No punto 3 da orde do dia donde Juan Carlos Fernández dí que a xente protesta pola caseta que puxeron donde vive José Luis Casal, debe decir “na estrada Santo Paio de Arriba cruce co camiño Souto”

Quedando estas correccións feitas, aprobase a Acta por unanimidade dos presentes.

## 2 .- Nomeamento do representante do Consello Parroquial de Reboreda para a Comisión Territorial do PXOM.

A presidenta explica que esté nomeamento xa tuvo lugar porque a data limite de nomeamento é este 9 de decembro polo que púxose en contacto coa asociación de veciños para solicitarlles que designaran unha persoa, e entre eles nomearon a Manuel Darriba Rivera coma o representante da parroquia na comisión do PXOM.

Cecilia Pérez Orxe quere manifestar a súa queixa para que conste en acta sobre o nomeamento de dito representante, exponiendo que debería haberse quitado ese punto da orde do dia, e que esta persoa non pode representar a parroquia xa que non está elegida por dita parroquia, tan só pode representarse a si mesmo.

M<sup>a</sup> José Barciela dí que o cometido deste representante é solo estar en contacto cos redactores do PXOM para enseñarles as diferentes zonas da parroquia e temas de sen trascendencia, este representante non ten capacidade de decisión.

## 3 .-Proxecto Redondela 2020.

M<sup>a</sup> José Barciela expón que existe un proxecto chamado Redondela 2020 donde se propón tanto os colectivos coma as persoas particulares que aporten ideas para a Redondela do futuro, podese acceder a páxina e apoiar ideas xa propostas ou aportar novos proxectos..

## 4 .- Proxecto de compostaxe e reciclado Redondela 2016-2020.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros expón que comenzouse co reciclaxe fai bastante tempo , repartíndose contenedores por distintas zonas do municipio, son conscientes de que esa medida é insuficiente, se recicla ben pero pouco, no 2020 Bruselas vai a esixir dos concellos a reciclaxe total da recollida, o coste que supón ó concello a recollida do lixo acada o 1.000.000 de euros e hai que tentar baixar ese coste.

Para conquistar esta meta vaise a actuar en varios frentes, por un lado virá un técnico da Deputación a impartir varias charlas sobre a reciclaxe, se repartiran 50 composteros, explicaranse o seu uso e farase un seguimento deles

. Por outro lado vaise a levar a cabo un proxecto con tres liñas de actuación :

### 1 .- A nivel industrial.

2 .- A nivel particular : estanse estudiando varias zonas de Redondela municipio para instalar composteros comunitarios. Darase formación por parte de maestros composteros para ensinar a reciclar.

3 .- Recollida do lixo os grandes produtores coma poden ser granxas, supermercados..... e levalo directamente a Ecocelta.

Cecilia Pérez Orxe dí que fai tempo, sendo concelleiro de Medio Ambiente Xosé Carlos Pazos Docampo fixerase unha experiencia de compostero municipal, recolliase ben pero o compostaxe habia que dale a volta todas as semanas o que requeria de persoal con concello non tiña e esa medida non chegou a ter futuro.

Miguel Ángel Álvarez di que hai que ir por esa liña porque o esixe Bruselas.

5 .- Propostas modificacións regulamento Consellos Parroquiais.

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros reparte as propostas do Consello Parroquial do Viso para a modificación do regulamento dos Consellos Parroquiais. Dí que ata o momento so este consello aportou propostas.

Cecilia Pérez Orxe pregunta se as propostas presentadas vanse a debatir no consello.

Miguel Ángel Álvares pensa que si, pero ata o da agora non hai máis propostas.

Cecilia Pérez pensa que seria de interese coñecer o regulamento actual para poder aportar ideas.

6.- Rogos e preguntas.

Cecilia Pérez Orxe expón que existe un proxecto de modificación da zona de Moucheira redactado polo aparellador municipal, que según informacións está a exposición pública ata o venres 11 de decembro, e pensa que este proxecto deberíase haberse comunicado o consello parroquial xe que afecta á parroquia.

M<sup>a</sup> José Barciela dí que descoñece si o proxecto está en exposición pública. Expón que a zona da Moucheira quedou moi deteriorada despois dos temporais do ano pasado, que unha vez decidido arreglala zona chamaron a Augas de Galicia pois é unha zonas afectada por esa administración, mandaron un técnico que dio o visto bó as accións que se van a levar a cabo.

Cecilia Pérez pregunta por que esta ano non se fai a Ludoteca no Nadal na parroquia.

M<sup>a</sup> José Barciela non o sabe pero vai preguntar a concelleira de Muller.

Juan José Darriba Rivera informa de que no muiño do Peixiño hai unha sinal de madeira tirada no río.

Tamén solicita que se arranxe a auga que cae da ponte da carretera nova do AVE.

M<sup>a</sup> José Barciela dí que este é un tema recorrente, que xa o solitaron varias veces a empresa adxudicataria da construción do AVE pero estes marcharon da aquí é agora é moi difícil que o arranxen.

Manuel Darriba Rivera solicita que se meta un tubo mais grande para canalizar as augas na zona do Cristo da Riba.

Marco Villar Fernández pregunta si non se pode solucionar dalgun xeito o caos de tráfico que se monta na entrada e saída dos nenos do colexio. A finca de al lado é edificable polo que suxire que se fale co dono e que se lle propoña que si nalgun momento quere edificar vai ter que ceder terreo si o pode ceder agora e firmarlle un documento conforme xa cedeu o terreno..

Cecilia Pérez dí que se podería enviarlle unha nota os pais proponiendo compartir coches para levar os nenos ó colexio.

M<sup>a</sup> José Barciela dí que no consello parroquial do Ventosela solicitaronlle que comentar neste consello a posibilidade de pedir que se ensanche a carretera que vai a Ventosela, pero a ela parecelle moi difícil porque hai moitas fincas de donos descoñecidos, que non viven aquí e son moitos kilómetros.

Non habendo máis temas a tratar, levántase a sesión, sendo ás 21:25 horas.